

## BALANCE DE UNIVERSIDADE de CC.OO. 1999-2003

DOUS ACONTECEMENTOS caracterizan o mandato electoral que agora remata:

1. a aprobación da nova lei marco para o sistema universitario e,
2. a posta en marcha do plan de estabilidade do profesorado universitario.

Destes, o máis espectacular foi, sen dúbida, a aprobación da Lei orgánica de universidades (**LOU**), que é un punto de inflexión —aínda insuficientemente valorado— na evolución cara a un sistema máis elitista, xerarquizado e de menor calidade democrática có sistema deseñado pola Lei para a reforma universitaria (LRU) do ano 1983, que propiciou un despegue das universidades sen precedentes, como se explica no programa de CC.OO.

A tramitación desta nova lei puxo en marcha un movemento contestatario no que, xusto é recoñecelo, **CC.OO. tivo un destacadísimo papel** propoñendo un texto legal alternativo e plataformas reivindicativas que xa son lugares comúns para os defensores dun sistema universitario público de calidade (“13 puntos básicos...”) e impulsando as mobilizacións de máis calado contra esta lei (7 e 14 de novembro; 1 de decembro), e as maiores contra o PP ata aquel momento.

Cando principiou este mandato electoral, as centrais sindicais acababamos de asinar co Ministerio de Educación e Cultura (MEC) o **Plan de Estabilidade e Promoción do profesorado universitario (plan PEP) que afectou a gran maioría do profesorado**. O plan, cun custo superior ós 2.000 millóns de pesetas, trouxo, entre outras melloras, unha suba no complemento específico dos TEU dunhas 196.000 pesetas (daquela) ó ano (un 68 % de suba nese complemento); o recoñecemento dos sexenios non universitarios para os que agora son profesores funcionarios de universidade (8.500 pesetas o primeiro sexenio; 11.000 pesetas o segundo, etc.), tipo retributivo 4 para os ASOC a tempo completo, ampliación a 6 do número máximo de quinquenios e sexenios, promoción a TEU dos mestres de taller que teñan a titulación adecuada, e a desaparición do límite temporal (un ano) para os contratos de asociados.

Aínda sendo importantes estas melloras, **a parte esencial do acordo foi**, sen dúbida, as **achegas orzamentarias para que tódolos profesores contratads de universidade puidesen te-la súa praza con carácter de funcionarios** ou, de se-lo caso, dedicar fondos a promocións de corpo (TEU a TU/CEU; estes a CU).

**A aplicación deste acordo foi desigual**. Os logros non relacionados coa estabilidade aplicáronse sen máis problemas en cada universidade, iso si, procurando cada rector que non parecese que eran melloras sindicais. Pero na

parte referida á estabilidade, a cousa foi dispar. **A Xunta de Galicia negouse a asinar un acordo cos sindicatos** para que se aplicase dun xeito homoxéneo nas tres universidades, alegando unha suposta invasión da autonomía universitaria. **A USC asinou un pacto coas centrais, e a aplicación do acordo foi satisfactoria en canto ós obxectivos de estabilización.** Pola súa banda, **a UDC e a UVigo, aplicárono cunha ampla marxe de discrecionalidade e sectarismo** Con todo, o número de prazas que se funcionarizaron foi elevado. Pénsese, por exemplo, que tódalas prazas que se aprobaron antes de entrar en vigor a LOU foron con cargo ós fondos orzamentarios deste acordo.

**Outro asunto de particular relevancia sindical é o das retribucións.** A el dedicámoslle grandes esforzos. **A importantísima sentenza da Audiencia Nacional,** que posibilita unha recuperación parcial da perda do poder adquisitivo dos últimos anos, **e o acordo do mes de novembro pasado co Ministerio para as Administracións Públicas (MAP),** que mellora, entre outros aspectos, a contía das pagas extra, son dous exemplos do empeño de CC.OO. na mellora retributiva dos PDI.

Sen embargo, cabe lembrar aquí **as negociacións en marcha coa Consellería de Educación** para lograr retribucións pola vía dos chamados **“tramos autonómicos”**. Estas negociacións deben dar froito nun prazo breve.

**En todos estes logros sempre estivo presente CC.OO. cun papel destacado** e a pesar de non ser maioritario en ningún órgano de representación en Galicia. Onde non temos representación, a situación laboral é claramente inferior, por exemplo na UDC; aquí vaise abrindo algunha canle de comunicación, por tenue que sexa, cando está presente CC.OO.

A todo isto **contribuíu o traballo informativo** (a nosa Folla do Luns é un referente nas universidades; o número de asembleas informativas sobre os aspectos tratados neste balance foron, con diferenza, superiores ás convocadas por calquera outra central sindical), a estratexia **de unidade de acción** coas outras centrais sindicais e o incremento da **nosa presenza institucional,** tanto estatal (CRUE, seminarios, etc.) como galega.

En definitiva, un período intenso e con logros importantes... pero con moito traballo por facer. Os procesos sindicais son de loita continua; os logros (e as eivas) fan parte da historia recente; agora toca mirar cara ó futuro. E iso é o que vos propoñemos co noso programa e a nosa candidatura, que habedes recibir un día destes. **TI DECIDES.**

**SECCIÓN SINDICAL DE CC OO**